



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ARZÚA

*Recuperación das funcións de alcaldía delegadas por motivo de ausencia de alcaldía*

### ANUNCIO

O Sr. alcalde do Concello de Arzua, con data 24/01/2024 ditou o decreto n.º 37/2024, o cal se transcribe de seguido:

**Descrición decreto: RECUPERACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ALCALDÍA DELEGADAS POR MOTIVO DE AUSENCIA DE ALCALDÍA**

**Expediente TEDEC: 2023/X999/000035**

### **DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)**

En virtude do decreto 771/2023 de data 18/12/2023 delegouse a totalidade das funcións da Alcaldía no primeiro tenente de alcalde Jose Luis García Lopez, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período de baixa médica do alcalde dende o día 18/12/2023 ata súa recuperación.

Tendo presente que a data de hoxe xa desapareceu a causa que motivou no seu día a delegación de funcións.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Recuperar as funcións de alcaldía delegadas no seu día en virtude e co detalle do decreto citado anteriormente no primeiro parágrafo desta resolución, dado que desapareceu a causa que motivou a súa adopción en tal data.

**SEGUNDO.-** Notificar este decreto ao titular da alcaldía en funcións aos efectos do seu coñecemento.

**TERCEIRO.-** Sen perxuízo da súa eficacia inmediata, publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP o presente decreto para o coñecemento xeral dos cidadáns, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que esta celebre.

En Arzúa, 29 de xaneiro de 2024

O alcalde,

Asdo: Xoán Xesús Carril Ramos